

# 6º Educación Infantil

# Día das letras galegas 2024



Luísa Villalta, á esquerda, coa súa irmá pequena, Susana.

Luísa Villalta Gómez naceu na cidade da Coruña.

De pequena estudou na súa cidade natal, a primaria no colexio das Xosefinas e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda.

Estudou na Universidade de Santiago e foi profesora de Lingua e Literatura Galega en varios institutos da provincia da Coruña.

Escribiu en moitas revistas e xornais galegos e tocou o violín en varias orquestras.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, o Día das Letras Galegas.



Luísa formou parte, como violinista, da Xove Orquestra de Galicia.




SIGUE O CÓDIGO E DESCUBRE O NOME DA HOMENAXEADA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024. COLOREA O RETRATO.

R A A Ñ U C O



ORDENA AS LETRAS PARA SABER ONDE NACEU LUÍSA VILLALTA.

LUÍSA VILLALTA  ENSINABA LINGUA E LITERATURA GALEGA EN DIFERENTES INSTITUTOS DA CORUÑA.



**FUTBOLISTA**



**PROFESORA**



**POLICÍA**



**DOUTORA**

COLOREA O DEBUXO DA PROFESIÓN DE LUÍSA VILLALTA.

LUÍSA FOI UNHA GRAN VIOLINISTA.



FORMA O CREBACABEZAS E ESCRIBE O NOME DO INSTRUMENTO MUSICAL.

O PRIMEIRO LIBRO DE LUÍSA VILLALTA TITÚLASE *CONCERTO PARA UN HOME SÓ*.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | | N | C | | R | T | |
| P | | R | | | | N | |
| H | | M | | | S | ´ | |



cadernos da escola dramática galega
N.º 76 - Marzo, 1989
Administración: XOÁN M. LÓPEZ EIRIS Sta. Teresa, 18-baixo
Director: FRANCISCO PILLADO MAYOR Coordenador: MANUEL LOURENZO
CONCERTO PARA UN HOME SÓ
Luísa Villalta

COMPLETA OS OCOS COAS VOGAIS QUE FALTAN, ESCRÍBEO.

COMO É LUÍSA VILLALTA?



COMPLETA O RETRATO DE LUÍSA VILLALTA E COLOREA.

LUÍSA FOI UNHA GRAN DEFENSORA DO IDIOMA GALEGO.

PENSA E ESCRIBE A PALABRA GALEGA QUE MÁIS CHE GUSTA E DEBÚXAA.

# AS CHAVES DO TEMPO

.XIV

Pola rúa do Concello avanzaban bailando Carnaval e Cuaresma. O primeiro figuraba unha mesa posta, con manteis e manxares enriba, xerras de viño que ao bailar se derramaban e pratos con xamóns, perdices e faisáns. Baixo os manteis ían rapaces tirando ovos recheos de auga. A Cuaresma formábaa unha delgada figura tapada por un saiote que deixaba ver os zancos de madeira por baixo. Levaba nunha man a sardiña e na outra un grande caxato en forma de cruz co que zorregaba en todos cantos pasaban. Os nenos fixeron roda de mans dadas arredor dela, berreando coas bocas sen dentes e, cando as figuras deron en bater nalgúns deles, desfixéronse correndo e pelexando.





DECORA COMO QUEIRAS ESTA MÁSCARA DE PELIQUEIRO DE LAZA.




1 ▷ **VERMELLO**

2 ▷ **AZUL**

3 ▷ **AMARELO**

4 ▷ **NEGRO**

5 ▷ **VERDE**

COLOREA ESTE NENO DISFRAZADO SEGUINDO O CÓDIGO DE CORES.





ANTEFACE

GLOBO

GORRO



ESCRIBE O NOME DESTES ELEMENTOS DE ENTROIDO.



UNE CADA DEBUXO COA SÚA SILUETA.



ARRODEA E COLOREA OS CATRO ANTEFACES IGUAIS AO DO RECADRO.




CONTA E UNE CO NÚMERO DE PANTASMAS QUE HAI EN CADA CÍRCULO.



DEBÚXATE CUN DISFRACE QUE CHE GUSTE.



**GORRO DE BRUXA**



**ANTEFACE**



**ORELLAS DE TRASNO**



**BIGOTE**



**DENTES DE VAMPIRO**

COMPLETA A CARA DESTES RAPACES CO QUE SE INDICA. COLOREA.



RECORTA AS PEZAS DO CREBACABEZAS E MÓNTAAS. COLOREA.

# TEORÍA DE XOGOS

...

O inverno avanzaba. Nunha terra chuviñenta como esta nótanse perfectamente os pequenos choutos que dá o ano cando, de pronto, un día amañece especialmente soleado como anuncio dun remanso, para chover despois outra tempada, logo outra vaga de calor e, semana tras semana, pouco a pouco nos vai levando ao verán. Son como portas que se abren no ar e, nunha desas, aparecen as mesmas rúas de sempre máis espidas e directas, por así dicir, en mangas de camisa. Ao sairmos da oficina, a calor chegaba a ser, por veces, imprevista e molesta.

...



**VERÁN ▶ AZUL** **PRIMAVERA ▶ ROSA**

**OUTONO ▶ VERMELLO** **INVERNO ▶ VERDE**










PINTA COAS CORES QUE SE INDICAN OS OBXECTOS RELACIONADOS COAS DISTINTAS ESTACIÓNS DO ANO.



**PRIMAVERA**



**VERÁN**



**OUTONO**



**INVERNO**



















RECORTA E PEGA CADA ELEMENTO NA ESTACIÓN CORRESPONDENTE.





P R _ M _ V _ R A



V _ R _ N

O _ T _ N _





_ N V _ R N _

COMPLETA ESTAS PALABRAS.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | S | T | A | C | I | Ó | N | S |
| V | R | N | F | O | L | L | A | P |
| H | I | X | D | S | F | L | O | R |
| S | O | L | O | G | L | E | D | C |
| Z | N | E | V | E | F | X | N | V |



**ESTACIÓNS**

**FOLLA**

**SOL**

**NEVE**

**FLOR**

LOCALIZA NA SOPA DE LETRAS AS CINCO PALABRAS DO RECADRO.





ATOPA AS CINCO DIFERENZAS ENTRE ESTAS DÚAS IMAXES.




# G O R R O

ATOPA A IMAXE UNINDO OS PUNTOS. ESCRIBE O NOME E COLOREA.



DEBUXA UNHA PAISAXE DA TÚA ESTACIÓN DO ANO PREFERIDA.



PONLLES A ESTES NENOS ROUPA DE VERÁN. COLOREA.



NUNHA TERRA CHUVIÑENTA COMO ESTA NÓTANSE PERFECTAMENTE OS PEQUENOS CHOUTOS QUE DÁ O ANO CANDO, DE PRONTO, UN DÍA AMAÑECE ESPECIALMENTE SOLEADO COMO ANUNCIO DUN REMANSO, PARA CHOVER DESPOIS UNHA TEMPADA, LOGO OUTRA VAGA DE CALOR E, SEMANA TRAS SEMANA, POUCO A POUCO NOS VAI LEVANDO AO VERÁN.

LOCALIZA NO TEXTO TRES PALABRAS COA LETRA **P** E CÓPIAAS.